

Capital do corpo

Eterninades da éxtase



ROMÁN RAÑA

O volume que agora examinamos, *Capital do corpo*, dá un paso adiante na indagación do propio ser, no misterio do Eros encarnado no corpo. Sabemos que Miguel Anxo Fernán Vello pertence á chamada *xeración dos oitenta* e que algún crítico quixo enterrar os poetas antes de morreren. Pura precipitación. Curiosamente, a maior parte dos seus integrantes están a achegar nestes anos as obras de maior madurez, de maior calidade e de maior profundidade de que son capaces. E isto, xunto coa aparición de novas voces e a consolidación doutras recentemente estreadas, fan que vivamos novamente un período dourado e plural como moi poucas poesías do mundo poden mostrar.

Premio de poesía Miguel González Garcés do ano 2004 da Deputación da Coruña, o volume explora na epiderme do corpo o fulgor que nos fai deuses, furga na carne o que de eterno hai na convulsión do éxtase amoroso. Sabemos que o amor e a guerra coinciden en que son experiencias de disolución: o ser humano encóntrase na beira do vivido, bota un ollo ao abismo que o atrae e que o aterra simultaneamente: “de que profundidades a exclamación do corpo,/que vén de aí, de que animal antigo/tanto instinto a ferver, irremediábel sombra/ou fogo que estremece.”

Así comeza o poema “Razón do corpo”, que abre o libro e que, como o título indica, dá razón a ese organismo que nos cobre e que nos vive, que nos transporta e que nos chanta na realidade térrea, que



nos introduce nos misterios do ser, que nos alarma, nos mutila ou nos bendice.

Arredor do astro central do noso corpo, o escritor representa os planetas que xiran en fogosa órbita. O vigor da pluma de Fernán Vello alcanza cumes expresivos dificilmente comparábeis aos doutros poetas de calquera latitude, de calquera tempo e lugar, porque a interrogación sobre a pel que o habita mostra, tamén ao mesmo tempo, pracer e perplexidade. Corpo que se estende para ser o cosmos todo, o universo que medra polos poros, asombro, celebración, epifanía: “Escoita, corpo,/a

A INTERROGACIÓN SOBRE
A PEL QUE O HABITA
MOSTRA, AO MESMO
TEMPO, O PRACER E MAIS
A PERPLEXIDADE DIANTE
DUN CORPO QUE SE ESTENDE
PARA SER O COSMOS

túa elevación diúrna./En ti canta a semente/e o fogo./En ti vive unha estrela/futura.”

Diante deste estupor pracenteiro, da descuberta da carne como o orbe en que vivimos e somos vividos, venvos á mente o Paul Eluard de *L'Amour la Poesie*, ese espumoso surrealismo que aquí só empapa algúns momentos de especial intensidade emotiva, mais onde percibimos idéntica pulsión amorosa. Tampouco é casual que o título da presente obra mostre semellanza evidente con *Capitale de la douleur* do maravilloso poeta francés. Non se entenda mal, estamos falando de puntos de contacto, dalgunhas referencias coincidentes, non de submisia imitación. Fernán Vello posúe suficientes recursos expresivos para elaborar un discurso poético absolutamente persoal e de altura comunicativa superior. Tamén é facilmente perceptíbel unha razón luminosa que sustenta dito discurso, que o alicerza mais que nunca o afoga, que o alza a esas alturas expresivas xa sinaladas.

A segunda sección do tomo, “Corpoe-mas”, decántase pola composición epigráfica. O lirismo adelgaza e, para quen isto escribe, a tensión decae. Porén, sen a menor dúbida, tan só por algúns dos poemas anteriores a obra erixiríase nun cimo da poesía galega de todos os tempos.

FERNÁNVELLO, M. A., Capital do corpo, Ed. Deputación Provincial de A Coruña, 2005, 64 páxinas